Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
CPR QUIÑONES DE LEÓN – B36609444
Travesía de Vigo 36 – Vigo (36206)
986278089
cpr.quinones.leon@edu.xunta.gal
quinonesdeleon.es

CONSELLO ESCOLAR: preguntas frecuentes

Que é o Consello escolar?

É un órgano de participación e control dos distintos sectores do centros educativos (titularidade, pais/nais, profesorado, alumnado ESO e persoal de administración e servizos).

Que funcións ten?

Entre outras:

- Ser informado sobre o cambio de dirección.
- Establecer criterios complementarios de admisión no centro.
- Coñecer condutas contrarias á convivencia e propoñer medidas.
- Aprobar as contas anuais do centro.
- Aprobar o Plan xeral anual.
- Autorizar actividades complementarias, extraescolares e servizos.
- Modificar o Regulamento de réxime interno e o Proxecto educativo de centro.
- Coñecer as saídas de fin de etapa se as houbese.
- Coñecer e/ou aprobar outros plans.
- Etc.

Cantas reunións hai ao ano?

En cada curso, un mínimo de tres reunións.

Cada canto hai eleccións?

Cada dous anos cambia (elíxese) a metade do Consello escolar (2 pais/nais, 2 profesores/s, 1 alumno ESO, 1 PAS)

Podo presentarme?

Se es pai/nai de alumno/a do colexio, profesor/a titular, alumno/a de ESO ou PAS, podes presentarte como candidato/a cando haxa eleccións.

Que teño que facer para presentarme?

Cando haxa eleccións (da que serás informado/a) só tes que cubrir un documento que che darán na Administración do colexio, cubrilo e entregalo no mesmo sitio en prazo.

Que obrigas teño se formo parte do Consello escolar?

Asistir ás reunións ás que se te convocará e respectar a confidencialidade dos asuntos que se traten e das decisión que se tomen.